

Esgos non é un sitio calquera. Rocas tampouco. Estamos sen dúbida nun dos lugares máis máxicos e singulares da Ribeira Sacra, este territorio que será declarado Patrimonio da Humanidade pola UNESCO. Historia rica, paisaxe espectacular, xentes orgullosas das súas raíces, natureza e cultura.

Agradezo o encargo que asumo honrado de dedicar unhas verbas, sentidas, sinceras e merecidas, ao nomeado Fillo Adoptivo deste Concello de Esgos: a José Benito Romero Copo, Bieito Romero, segundo di a Wikipedia: gaiteiro galego, membro fundador do grupo Luar na Lubre.

Un rapaz de Esgos, nacido na Coruña, que comeza no mundo da música con 13 anos, grazas ao seu interese polas músicas tradicionais galegas e celtas.

Un rapaz de Esgos que tamén formou parte do <<Ballet Galego Rey de Viana>>, fundado en 1949 e considerado no seu momento un dos catro ballets folclóricos máis importantes do mundo.

Tiven a fortuna de coñecer a Bieito Romero co gallo da presentación do filme de Ignacio Vilar “Un bosque de música” en 2004. E dous de Esgos non se coñecen nun sitio calquera cando estamos ante un dos xigantes do folk. Foi no Lincoln Center de Nova York no mes de marzo e o noso fillo adoptivo era o protagonista, xunto co seu grupo, dun evento único nun lugar especial na que din é a capital do mundo. Pero os de Esgos sabemos que a capital do mundo é Esgos. Faltaría máis.

Homenaxeamos hoxe a Bieito Romero, creador de Bandas de Gaitas, de colectivos como “O Son da Terra”, que recolleu música tradicional e a quen debemos un excelente arquivo sonoro sobre a nosa alma musical.

Homenaxeamos hoxe e sempre a Bieito Romero, tamén Director de programas musicais na radio, cofundador de locais de hostalería, apaixonado da etnografía e gran afeccionado á arquitectura popular (conta cun arquivo de máis de 1.000 imaxes propias do país) ... 500 delas incluídas no se traballo editorial en 2009 titulado “Xeometrías Máxicas de Galicia”.

Falar de Bieito é falar de Luar na Lubre, a súa gran aportación á CULTURA con maiúsculas. E van xa 33 anos de traxectoria dende que comezara a súa andaina en 1986. É falar da música celta porque Luar na Lubre puidera traducirse como o bosque sagrado onde os druídas celtas facían os seus rituais. Rituais de Luar na Lubre, e de Bieito, que teñen moito que ver coa tradición musical celta de rexións como Irlanda, Escocia ou Bretaña.

Unha universalidade da nosa música máis próxima que fixo que o músico británico Mike Oldfield incluía unha adaptación do tema “O son do Ar” no seu álbum Voyager, convidando a Luar na Lubre á súa xira mundial. Un momento importante na Historia desta banda na que Bieito Romero fixo de todo, sen descoidar o seu manexo como instrumentista na gaita, no acordeón diatónico ou mesmo na zanfona do seu admirado Faustino Santalices.

Compuxo máis de 250 temas, bandas sonoras de películas incluídas. Con “Luar na Lubre” son xa máis de 1500 concertos en máis de 30 países, dous discos de Ouro consecutivos, máis de 400.000 discos vendidos con colaboradores como Pablo Milanés, Luz Casal, Pat Kilbride ou Victor Manuel.

Nos seus dezaioito traballos, nas súas dezaioito gravacións, advertimos vencillos con Celso Emilio Ferreiro, García Lorca, Che Guevara, momentos medioambientais como a súa reacción ante a catástrofe do Prestige nas nosas costas... pero sen dúbida, falando co corazón de Esgos, o seu álbum “Ribeira Sacra” é unha homenaxe tremenda á nosa terra, a banda sonora da nosa patria de Esgos. Unha das moitas razóns que fan a Bieito merecente desta altísima distinción.

A proba definitiva: e por si fora pouco collemos o noso teléfono móbil e nas plataformas musicais, sexa Apple Music ou Spotify, escribimos a palabra “Esgos” no buscador e velaí aparece grazas a Bieito. Algún ou moitos concellos poden presumir diso? Os de Esgos sí. Grazas a Bieito.

Ese álbum “Ribeira Sacra”, de 2018, que recolle tamén un tema titulado “San Pedro de Rocas”. Un disco que nos fala de Romasanta, do afiador, do carro do país, do cacharreiro, dos canóns do Sil... fala de nós. E nós tivemos a fortuna hai un ano de acoller en Esgos un concerto inesquecible de Luar na Lubre presentando este traballo. Unha vez máis: Grazas Bieito.

En Bieito atopamos a unha estrela da música folk. Descubrimos a un auténtico trobador, o noso Bob Dylan se se me permite. Unha carreira marcada pola composición musical, pola interpretación por todo o planeta e por un labor de investigación que fai a Bieito coleccionista de recoñecementos e premios que a todos nos fan sentir moito orgullo de coñecelo e tratalo.

Sen dúbida o mérito principal de Bieito para acadar hoxe este nomeamento de fillo adoptivo de Esgos é o orgullo co que fala das súas

raíces, a fonda pegada que tivo, ten e terá na súa vida a pertenza a estas terras. A conexión coas súas xentes e o patrimonio inmaterial que foi quen de recoller para deixar unha herdanza impagable ao colectivo, á comunidade que escoita a auga do río Niñodaguia, ao afiador, ás vacas con esquilóns, o aire, ós Reises... sons e realidades. Grazas Bieito por ese “Que viva Esgos!”, un tema que podía perfectamente, para min xa o é, ser o himno oficial do noso concello.

Grazas Bieito pola túa profesionalidade e polo teu compromiso coa terra, polo amor a Galiza, polo teu exemplo de rigor e bonhomía. Grazas por “Ribeira Sacra”, ese traballo que gravaches aquí en Rocas tamén. Grazas pola exitosa “Sacroxira” que hoxe fai que toquedes aquí, no lugar máis visitado da Ribeira Sacra, nun espazo que hoxe ten o privilexio de sentir a un dos seus, a un dos nosos, facer realidade musical aquilo que ideaches e compuxeches para todos. Un legado de xenerosidade.

Grazas Bieito polo teu orgullo de pertenza. Polo teu exercicio reivindicando sempre o bo nome de Esgos. Grazas e parabéns porque, seguramente, hoxe tódolos teus entregos deste concello, asisten a este acto simbólico, fachendosos polo teu éxito presumindo de Bieito. Como o facemos todos nós a todas horas. Agora e sempre.

Grazas Bieito por ser así. Cantas “Que viva Esgos!”. Nós dende hoxe, ficamos obrigados a entoar “Que viva Bieito!”. Que viva Bieito Romero, Fillo Adoptivo do Concello de Esgos.

Sempre xunguidos.

Dixen. Manuel Baltar.